



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

ACTA NÚM. 05/2016 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO O DÍA 15 DE XULLO DO 2016.

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e vinte e cinco minutos do día quince de Xullo do ano dous mil dezaseis, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, co obxecto de levar a efecto sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOB ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

Asiste tamén a Interventor delgado da Entidade D. Manuel Hermo Verísimo.
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día:

1. ACTA Nº 4/2016 DE DATA 5-7-2016.

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 4/2016 de data 5-7-2016, considéransen aprobada os votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

2. APROBACIÓN PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2016.

A Presidencia le a parte dispositiva da proposta de data, 13 de xullo de 2016, da Alcaldía Pedanía que é do tero seguinte:

“Proposta de aprobación do Plan Económico-Financeiro 2016.

A liquidación do orzamento de 2015 ofrece as seguintes magnitudes: Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais de 180.294,59 euros, un Resultado Orzamentario Axustado de 36.176,50.

<i>Remanente de Tesourería para Gastos Xerais:</i>	<i>180.294,59 €</i>
<i>Resultado Orzamentario Axustado:</i>	<i>36.176,50 €</i>
<i>Pasivos financeiros (non existen operacións de crédito)</i>	<i>0,00 €</i>

Do informe do Servizo de Intervención, relativo á liquidación do orzamento de 2015 dedúcese o cumprimento da situación de estabilidade orzamentaria.

Para avaliar o cumprimento do principio de Sostibilidade Financeira, utilizázanse os indicadores de Aforro Neto e Ratio Legal de Endebedamento e sendo os valores dos indicadores os seguintes:

Aforro Neto: *17.569,06, €*

Ratio Legal de Endebedamento: *a entidade non ten concertadas operacións de crédito.*



Cúmprese o principio de Sostibilidade Financeira.

Porén, incúmprese a Regra de Gasto, é dicir supérase o teito de gasto, ao superar os límites de gasto aprobados para o exercizo de 2015.

Segundo o artigo 21.1 da lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, é de obrigada formulación e aprobación un Plan Económico-Financeiro que permita o cumprimento dos obxectivos ou da regla de gasto.

Entidad Local Menor de Chenlo

C.N.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

"Artigo 21.1. En caso de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, la Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto, con el contenido y alcance previstos en este artículo."

O artigo 23.4 da citada lei, establece o órgano plenario como o competente para aprobación do Plan Económico-Financeiro.

"Artigo 23.4 Los planes económico-financieros elaborados por las Corporaciones Locales deberán estar aprobados por el Pleno de la Corporación ..."

É por todo iso que, elaborado o Plano Económico-Financeiro 2016, someto a aprobación a seguinte:

Proposta:

Primeiro: aprobar o Plan Económico-Financeiro 2016 da Entidade Local Menor de Chenlo nos termos que constan no documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

Segundo: unha vez aprobado, remitir o citado Plan Económico-Financeiro ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da aplicación de captura habilitada ao efecto na Oficina Virtual, e á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Terceiro: a efectos únicamente informativos, publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, manifestando que existirá unha copia do mesmo á disposición do público dende a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia.”

“Plan Económico Financeiro

Entidade Local Menor de Chenlo, 2016.

I.- Introdución.

A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das entidades locais se someterán aos principios de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, segundo a normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF).



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Enténdese por Estabilidade Orzamentaria das Administración Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Segundo os artigos 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Do mesmo xeito, deberase cumplir con principio de Sostibilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e a normativa europea.

Para rematar, evaluarase o cumprimento da Regra de Gasto, aos efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do producto interior bruto, publicada polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

Desenvolvida a liquidación do orzamento de 2015 da Entidade Local Menor, onde se pon de manifesto o incumprimento da Regra de Gasto.

Este feito implica a necesaria formulación de un Plan Económico Financeiro que permita no ano en curso e no seguinte, o cumprimento da Regra de Gasto, de conformidade co disposto no artigos 21 e 23 da LOEPSF.

II.- Contido e Tramitación.

Segundo o artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

As causas do incumprimento da Regra do Gasto.

As previsións tendencias de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

A descripción, cuantificación e calendario de aplicación das medidas incluídas no Plan, sinalando as partidas orzamentarias o rexistros extraorzamentarios no que se contabilizaran.

Un análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

O artigo 116. bis da Lei 7/1985, de 2 de abril. Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu apartado segundo, dispón que adicionalmente ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, o citado Plan incluirá cando menos as seguintes medidas:

- Supresión das competencias que exerce a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- Xestión integrada ou coordinada dos servizos obligatorios que presta a Entidade para reducir os seus custes.
- Incremento de ingresos para financiar os servizos obligatorios que presta a Entidade Local.
- Racionalización organizativa.



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

- Supresión das entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercizo orzamentario anterior incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o Período Medio de Pagamento (PMP) supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

- Unha proposta de fusión co municipio colindante da mesma provincia.

O Plan Económico Financeiro presentarase, no prazo máximo de un mes dende que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses dende a presentación, a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

Remítirase ademais, para o seu coñecemento á Comisión Nacional da Administración Local, e se lle dará a mesma publicidade establecida pola lexislación para a aprobación dos orzamentos da entidade.

Finalmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade aos Plans económico financeiro, e a adopción efectiva das medidas aprobadas con un seguimento do impacto efectivamente observado nas mesmas.

III.- Situación actual.

III.1. A liquidación do orzamento de 2015 ofrece as seguintes magnitudes:

Remanente de Tesourería para Gastos Xerais:	180.294,59 €
Resultado Orzamentario Axustado:	36.176,50 €
Pasivos financeiros (non existen operacións de crédito)	0,00 €

III. 2. Estabilidade Orzamentaria.

Do informe do Servizo de Intervención relativo á liquidación do orzamento de 2015, dedúcese o cumprimento da situación de estabilidade orzamentaria, tal é como di o seu punto 6, que é do teor literal seguinte:

"6.- Estabilidade Orzamentaria.

En cumprimento do establecido no artigo 16.2 do RD 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrollo da Lei 18/2001 de 12 de decembro, de Estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, efectúase a análise deste punto nun informe independente que se incorpora ao expediente de Liquidación do Orzamento. **Deste dedúcese unha situación de Estabilidade Orzamentaria.**"

III. 3. Sostibilidade Financeira.

En canto ao principio de Sostibilidade Financeira e segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, utilizanse como indicadores de cumprimento deste principio o Aforro Neto e o Ratio Legal de Endebedamento.



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉL.F.: 608 88 62 22

1. Aforro Neto, segundo o informe da liquidación do orzamento de 2015:

GASTOS		INGRESOS	
CAPÍTULO	OBRIGAS REC.	CAPÍTULO	DEREITOS REC.
1.- Gastos de persoal	38.868,45	1.- Impostos directos	0,00
2.- Gastos correntes	54.358,10	2.- Impostos indirectos	0,00
3.- Gastos financeiros	0,00	3.- Taxas e outros ingresos	27,22
4. Transferencias correntes	0,00	4.- Transferencias correntes	66.607,44
5. Fondo de Continxencia e outros imprevistos	0,00	5.- Ingresos patrimoniais	44.160,95
6.- Inversións reais	49.481,70	6.- Alleamiento de inversionés reais	0,00
7.- Transferencias capital		7.- Transferencias de capital	0,00
8.-Activos financeiros		8.- Activos financeiros	0,00
9.- Pasivos financeiros		9.- Pasivos financeiros	0,00
TOTAIS	142.708,25	TOTAIS	110.795,61

Á vista deses datos

O importe dos Dereitos Recoñecidos dos capítulos 1 ao 5 é de 110.795,61 €
O importe das Obrigas Recoñecidas dos capítulos 1 ao 4 e de 93.226,55 €

Polo que o Aforro Neto Orzamentario é de 17.569,06 €

- **Ratio Legal de Endebedamento**, a Entidade Local Menor non ten débeda financeira algúnhha, polo que cumple cos ratios establecidos para os niveis de endebedamento.

Polo que a capacidade de financiamento é dos citados 17.569,06 €

III. 4. Regra de Gasto.

O gasto computable derivado da liquidación de 2014 é de 18.614,24, polo que aplicando o índice aprobado polo Consello de Ministros con data de 27 de xuño de 2014 do 1,3% o límite da Regra de Gasto establecese en 18.856,23. O gasto computable derivado da liquidación de 2015 é de 34.619,11 €.

A diferencia entre o límite de la Regra de Gasto e o gasto computable no 2015 é de -15.762,88 € o que supón un incremento computable do 85,98%. Incumprindo a Regra de Gasto.

A	B (A+1,3%)	C	D
Gasto Computable Liquid. 2014	Límite Regra Do gasto	Gasto Computable Liquid. 2015	B-C
18.614,24	18.856,23	34.619,11	-15.762,88



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TELÉF.: 608 88 62 22

IV. Causas do incumprimento da Regra de Gasto.

Entre as obrigas recoñecidas da liquidación do exercicio da Entidade figuran 49.481,70 € no capítulo 6 (Inversións Reais) importe que foi financiado con o Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais.

Atendendo a criterios orzamentarios, as aplicacións ao presuposto de ingreso dos ingresos derivados do remanente de tesouraría, se acollen ao longo de exercicio ao capítulo 8, sen que en ningún caso podan formar parte dos créditos iniciais do orzamento.

Configurase, polo tanto, como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, que no caso de financiar gastos de carácter non financeiro pode dar lugar ao incumprimento da estabilidade orzamentaria e/ou ao límite da Regra de Gasto.

A garantía do principio de estabilidade orzamentaria, consagrado no artigo 135 da CE é desenvolvido na LOEPSF, que no seu artigo 3 dispón que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demás actuacións que afecten aos gastos e ingresos dos suxeitos comprendidos no ámbito de actuación da norma, realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendéndose por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio o superávit estrutural.

No artigo 12 a LOEPSF, establece a Regra de Gasto e sinala que a variación do gasto computable das entidades locais non poderá superar a taxa de referencia do Produto Interior Bruto da economía española.

Por outra banda no artigo 21 dispón que no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ou da regra do gasto, a entidade deberá aprobar un Plan Económico-Financeiro, que permita nun ano, acadar tales obxectivos.

Considerando o exposto o emprego do Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais esixe a aprobación dun Plan Económico-Financeiro, posto que neste caso, pola normativa actual xera o incumprimento da Regra de Gasto.

A natureza do Remanente de Tesouraría identifícase co aforro que xera a entidade local nun exercicio como consecuencia do desfase entre a execución de ingresos orzamentarios e as obrigas recoñecidas ás que están afectados, de xeito que ese aforro pode ser empregado como fonte de financiamento das obrigas de exercizos posteriores, como é o caso.

En consecuencia, o emprego do Remanente de Tesouraría non pode entenderse como determinante para identificar unha situación de déficit estrutural, mas ao contrario habería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento.

Polo exposto cabe afirmar que a recuperación do obxectivo da Regra de Gasto, incumprida polo emprego do Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais se lograría coa simple aprobación e execución do orzamento para 2016, dentro do límite da variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algúnhia, neste sentido a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico-financeiro que se pode limitar a expor a orixe do incumprimento en termos de contabilidade nacional e corrixir aquela medida.



Entidad Local Menor de Chenlo

C.N.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Polo tanto, se descontamos o importe dos 49.481,70 € de obrigas recoñecidas no capítulo 6 e financiadas co Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais esta entidade local si cumpriría coa Regra de Gasto.

V. Medidas a adoptar para corrixir a situación.

Visto o exposto e segundo o establecido na LOEPSF a Entidade Local Menor de Chenlo ten que aprobar un plano económico-financeiro por incumprimento da Regra de Gasto, pero non será necesario a adopción de ningún tipo de medida xa que enténdese suficientemente xustificado.

Cabe dicir ademais que a Entidade aprobou o orzamento para 2016 publicando a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 18 de febreiro de 2016, que segundo o informe da intervención cumpre cos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

VI. Conclusións.

Analizada a situación económica da entidade derivada da liquidación do exercizo de 2015, pódese afirmar que, en xeral, as magnitudes orzamentarias son positivas.

Se ben é necesario advertir, dada a importancia relativa do capítulo 5 (Ingresos Patrimoniais) no total do orzamento (un 74,47%), e tendo en conta que estes se sustancian na poxa e venda de madeira, a necesidade da tramitación do expediente e actos que sexan necesarios para o correcto desenvolvemento dese ingreso.

Estado de Gastos			
Capítulo	Descripción	Consignación	(%)
1	GASTOS DE PERSOAL	36.000,00	22,86
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	57.500,00	36,52
3	GASTOS FINANCIEROS	150,00	0,10
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00	0,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00	0,00
6	INVERSIÓN REAIS	63.800,00	40,52
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
		157.450,00	100,00

Estado de Ingresos			
Cap.	Descripción	Consignación	(%)
1	IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	0,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	0,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	200,00	0,13
4	TRANSFERENCIA CORRENTES	40.000,00	25,41
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	117.250,00	74,47
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓN REAIS	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
		157.450,00	100,00



A data de 31 de decembro de 2015:

- Disponse dun Remanente de Tesouraría de para Gastos Xerais de 180.249,29 euros.
- un aforro neto positivo de 17.569,06 euros.
- A entidade non ten concertados créditos financeiros.
- Cúmprese coa estabilidade orzamentaria.

**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

En relación ao incumprimento da Regla de Gasto, motivo da elaboración e aprobación do presente Plan de Axuste, é consecuencia directa do emprego do Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais para o financiamento de gastos de inversiones do Capítulo 6.

Polo que este Plan de Axuste presenta como única medida de corrección a aprobación do orzamento da entidade para o exercicio de 2016, aprobación que xa tivo lugar como anteriormente se expuxo no punto V.

Chenlo (O Porriño), 1 de xullo de 2016."

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a proposta anteriormente transcrita quedando aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 4 de D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ, E D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).

ABSTENCIÓN: 1 de D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as quince horas e corenta minutos do día ut supra. Dou fe.